

3. A opción de certificación elixida no punto 1 deste anexo deberá ser a mesma no certificado de eficiencia enerxética do proxecto e no certificado do edificio terminado.

4. A opción de certificación elixida deberá ter en conta as posibles limitacións impostas pola obriga de presentación do certificado de eficiencia enerxética en función das diferentes autorizacións municipais que correspondan.

5. No caso de conxuntos de edificios, incluídos nun mesmo proxecto, que se teña previsto dispoñer de actas de finalización de obras parciais, non se poderá optar pola certificación única para o conxunto de edificios, debéndose presentar un certificado individual por edificio ou subconxunto de edificios incluídos nunha mesma acta de finalización de obras parciais.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Corrección de erros.-Orde do 16 de xaneiro de 2009 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2009.*

Advertidos erros, na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 16, do venres 23 de xaneiro de 2009, cómpre facer as oportunas correccións.

Na páxina 1.605, no anexo XI, na columna de asistente social, onde di: «106,01 euros/mes», debe dicir: «106,61 euros/mes».

Na páxina 1.602, na categoría «N-A2-213 coordinador de área A.P.», onde di: «92,38», debe dicir: «A cantidade que resulte de minorar en 39,23 euros, a produtividade que lle correspondería polo posto asistencial que desempeña».

Na páxina 1.608, na mesma categoría, onde di: «61,58», debe dicir: «O 66,66% do importe de produtividade que perciba no mes de xuño», e onde di: «92,38», debe dicir: «O 100% do importe de produtividade que perciba no mes de decembro».

Na páxina 1.603, na categoría «S-A2-358 coordinador de área», onde di: «5,90», debe dicir: «A cantidade que resulte de minorar en 39,30 a produtividade que lle correspondería polo posto asistencial que desempeña».

Na páxina 1.609, na mesma categoría, onde di: «3,93», debe dicir: «O 66,66% do importe da produtividade que perciba no mes de xuño», e onde di: «5,90», debe dicir: «O 100% do importe de produtividade que perciba no mes de decembro».

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para o ano 2009.*

A Consellería do Medio Rural publicou o 27 de xuño de 2008 a Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario. Estas axudas convocáronse amparadas no Regulamento (CE) 1698/2005 relativo ás axudas ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e enmárcanse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, eixe 1, co código 111.

A experiencia adquirida na xestión destas axudas durante o ano 2008 fai conveniente introducir algunhas modificacións que afectan o sistema de xestión. Así mesmo, ante o inicio do exercicio orzamentario 2009, procede realizar a convocatoria correspondente a este ano.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro; pola Lei 12/1989, do 4 de outubro e pola Lei 7/2002, do 27 de decembro,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto modificar a do 23 xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e convocar, en réxime de concorrencia competitiva e para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, esta mesmas axudas para 2009.

#### SECCIÓN PRIMEIRA

##### MODIFICACIÓN DA ORDE DO 23 DE XUÑO DE 2008

Artigo 2º.-Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario:

Primeira.-Modificación do punto 3 do artigo 3º da Orde do 23 de xuño de 2008.

O punto 3 do artigo 3º (actividades subvencionables) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«3. As actividades de transferencia de tecnoloxía poderán consistir en xornadas técnicas, seminarios ou demostracións. Terán unha duración non inferior a seis horas, un número mínimo de 15 asistentes e estarán vinculadas, preferentemente, coas actividades que se desenvolven nos centros de investigación e experimentación da Consellería do Medio Rural».

Segunda.-Modificación do punto 2 do artigo 4º da Orde do 23 de xuño de 2008.

O punto 2 do artigo 4º (contía das axudas) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«2. Nas actividades de transferencia de tecnoloxía, a subvención máxima por acción será de 1.500 euros».

Terceira.-Modificación do punto 4 do artigo 4º da Orde do 23 de xuño de 2008.

O punto 4 do artigo 4º (contía das axudas) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«4. A contía da subvención que se vai conceder, dentro das disponibilidades orzamentarias, poderá alcanzar o 100% do orzamento das actuacións, sen superar en ningún caso as contías máximas que se especifican nos puntos 1 e 2, nin o límite de 10.000 euros de subvención total por entidade».

Cuarta.-Modificación do punto 2 do artigo 6º da Orde do 23 de xuño de 2008.

O punto 2 do artigo 6º (gastos subvencionables das actividades) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«2. En ningún caso serán subvencionables os gastos de transporte e manutención do alumnado pola asistencia ás actividades formativas. Serán gastos subvencionables os que se executen con posterioridade á publicación desta convocatoria no DOG e se xustifiquen no prazo sinalado para iso».

Quinta.-Introdución dunha alínea k) no punto 2 do artigo 7º da Orde do 23 de xuño de 2008.

Introdúcese unha alínea k) no punto 2 do artigo 7º (solicitudes) da Orde do 23 de xuño de 2008 que dirá o seguinte:

«k) Memoria explicativa da acción para a cal se solicita a axuda».

Sexta.-Modificación das alíneas a), c) e d) do punto 4 do artigo 8º da Orde do 23 de xuño de 2008.

As alíneas a), c) e d) do punto 4 do artigo 8º (tramitación) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedarán redactados como segue:

«a) Calidade do proxecto exposto na memoria en que se detalla o programa da actividade en función dos obxectivos perseguidos: ata 50 puntos.

c) Carácter innovador das actuacións que se van desenvolver: ata 15 puntos.

d) Solvencia técnica, determinada en función da experiencia acreditada pola entidade na realización de programas formativos ou de transferencia tecnolóxica: ata 15 puntos».

Sétima.-Eliminación da alínea g) do punto 4 do artigo 8º da Orde do 23 de xuño de 2008.

Elimínase a alínea g) do punto 4 do artigo 8º (tramitación) da Orde do 23 de xuño de 2008.

Oitava.-Modificación do punto 5 do artigo 8º da Orde do 23 de xuño de 2008.

O punto 5 do artigo 8º (tramitación) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«5. As solicitudes que non alcancen un mínimo de 25 puntos na alínea a) deste artigo, que valora a calidade da actividade, serán excluídas».

Novena.-Modificación da alínea d) do punto 2 do artigo 12º da Orde do 23 de xuño de 2008.

A alínea d) do punto 2 do artigo 12º (obrigas das entidades beneficiarias) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

d) Solicitude de asistencia de cada alumno, segundo o modelo que se xunta como anexo IV.

Décima.-Modificación das alíneas a), b) e d) do punto 3 do artigo 12º da Orde do 23 de xuño de 2008.

As alíneas a), b) e d) do punto 3 do artigo 12º (obrigas das entidades beneficiarias) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedarán redactados como segue:

a) Xustificantes detallados do gasto segundo se indica no artigo 14º.

b) Copia dos controis de presenza nas horas lectivas dos asistentes, segundo o modelo que se xunta como anexo V que serán asinados polo profesorado que imparta cada clase e polo persoal coordinador das accións subvencionables.

d) Seguimento das actividades subvencionables segundo o modelo que se xunta como anexo VI, debidamente cuberto.

Décimo primeira.-Modificación da alínea b) do punto 3 do artigo 14º da Orde do 23 de xuño de 2008.

A alínea b) do punto 3 do artigo 14º (xustificación e pagamento da subvención) da Orde do 23 de xuño de 2008 quedará redactado como segue:

«b) Facturas orixinais xustificativas dos gastos realizados co IVE desagregado. Xunto coas facturas, presentaranse os seus correspondentes xustificantes de pagamento.

Con carácter xeral, os gastos xustificaranse mediante factura ou outros documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, xunto coa da fotocopia do xustificante de ingreso ou transferencia bancaria na conta de cada perceptor. Con carácter excepcio-

nal, consideraranse admisibles os pagamentos en metálico nos seguintes supostos:

1º Cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 3.000 €; neste caso o pagamento xustificárase mediante certificación segundo modelo do anexo VII, datada e asinada polo provedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do provedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación presentarase xunto coa factura preceptiva.

2º Cando o seu importe non supere os 300 euros, admitírase como xustificante de pagamento a factura datada e asinada polo provedor na que figure a expresión «recibín en metálico».

Décimo segunda.-Introdución dunha alínea c) no punto 3 do artigo 14º da Orde do 23 de xuño de 2008.

Introdúcese unha alínea c) no punto 3 do artigo 14º (xustificación e pagamento da subvención) da Orde do 23 de xuño de 2008 que dirá o seguinte:

«c) As facturas deben reunir os requisitos establecidos nos artigos 6º e seguintes do Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (BOE do 29 de novembro de 2003)».

#### SECCIÓN SEGUNDA

#### CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA 2009

##### Artigo 3º.-Convocatoria.

Convócanse para o exercicio orzamentario 2009, as axudas reguladas pola Orde do 23 de xuño de 2008 (DOG nº 124, do 27 de xuño) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, coas modificacións introducidas no artigo 2º desta orde.

##### Artigo 4º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder a estas axudas deberánse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, coas modificacións introducidas no artigo 2º desta orde.

2. A finalidade destas axudas é modernizar as cooperativas e entidades asociativas agrarias a través da mellora da formación dos seus socios e traballadores, perfeccionando a xestión e a calidade dos servizos prestados e contribuir á difusión e adopción das innovacións técnicas.

##### Artigo 5º.-As solicitudes e a súa xestión.

As solicitudes, documentación, procedemento de xestión e xustificación das axudas serán os establecidos con carácter xeral na Orde do 23 de xuño de 2008

pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, coas modificacións introducidas no artigo 2º desta orde.

##### Artigo 6º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo entenderase que o prazo expira o último día do mes.

##### Artigo 7º.-Financiamento.

O financiamento das propostas de cooperación seleccionadas ao abeiro desta convocatoria imputárase segundo a natureza das axudas e beneficiarios á aplicación orzamentaria 11.05.422L.770.0 por un valor total de douscentos setenta e cinco mil euros (275.000 euros), dos que cento cincuenta e oito mil douscentos noventa euros (158.290 euros) son financiados polo Feader. Poderanse utilizar outros remanentes que puidesen existir na mesma aplicación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. A devandita aplicación orzamentaria poderá ser incrementada con fondos adicionais comunitarios, estatais e da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### Artigo 8º.-Xustificación da subvención e solicitude de pagamento.

A entidade solicitante deberá xustificar a subvención conforme a resolución de aprobación e solicitar os correspondentes pagamentos parciais da axuda antes do 30 de novembro.

##### Disposición adicional

En todo o non previsto nesta orde observarase o sinalado na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, en todo o que non se opoña á citada lei, así como o disposto no Regulamento (CE) 1698/2005, de Feader e nos Regulamentos (CE) 1974/2005 e 1975/2005.

##### Disposicións derradeiras.

Primeira.-Facúltase o director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal para ditar as normas necesarias para a correcta interpretación, aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2009.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



Fondo Social  
Europeo

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A ACTIVIDADES FORMATIVAS E DE TRANSFERENCIA TECNOLÓXICA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR330B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

NOME DA ENTIDADE		CIF
<input type="text"/>		<input type="text"/>
Nº DE SOCIOS	OBXECTO SOCIAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>		

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E na súa representación:**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**CARACTERÍSTICAS DAS ACCIÓNS SUBVENCIONABLES**

<p><b>TIPO DE BENEFICIARIO</b></p> <p><input type="checkbox"/> COOPERATIVA</p> <p><input type="checkbox"/> SAT</p> <p><input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE COOPERATIVAS</p> <p><input type="checkbox"/> OUTRAS</p>	<p><b>TIPO DE ACTIVIDADE</b></p> <p><input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN E VIAXE DIDÁCTICA</p> <p><input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> PROXECTOS DEMOSTRATIVOS</p>
--	---

**RELACIÓN DE ACTIVIDADES SOLICITADAS**

<input type="text"/>
----------------------

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro no enderezo: Rúa As Fontiñas, 31- Baixo. 15703 Santiago de Compostela.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 27 de febreiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o desenvolvemento de accións formativas e de transferencia tecnolóxica por entidades asociativas vinculadas ao sector agrario, e se convocan para 2009.</i></p> <p>Autorizo a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas de ser o caso, tal como establece a disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación de rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia</p> <p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p><i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 20____</p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <table border="1"> <tr> <td>RECIBIDO</td> <td>NÚMERO DE EXPEDIENTE</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>_____</td> </tr> <tr> <td>REVISADO E CONFORME</td> <td>DATA DE ENTRADA</td> </tr> <tr> <td><input type="text"/></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE EFECTOS</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> <tr> <td></td> <td>DATA DE SAÍDA</td> </tr> <tr> <td></td> <td>___/___/___</td> </tr> </table>	RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>	_____	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA	<input type="text"/>	___/___/___		DATA DE EFECTOS		___/___/___		DATA DE SAÍDA		___/___/___
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE																
<input type="text"/>	_____																
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA																
<input type="text"/>	___/___/___																
	DATA DE EFECTOS																
	___/___/___																
	DATA DE SAÍDA																
	___/___/___																

ANEXO II

FICHA TÉCNICA DA ACTIVIDADE

<p><b>Tipo de actividade:</b></p> <p><input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> CURSO DE FORMACIÓN E VIAXE DIDÁCTICA</p> <p><input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN</p> <p><input type="checkbox"/> PROXECTOS DEMOSTRATIVOS</p>
<p><b>Título:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 100%;"></div>
<p><b>Obxectivos:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>
<p><b>Colectivo a que vai dirixida a actividade e criterios de selección:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>
<p><b>Orzamento:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 20px; width: 20%;"></div>
<p><b>Experiencia da entidade en actividades similares:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 50px; width: 100%;"></div>
<p><b>Resumo do programa e breve descrición da viaxe formativa, en caso de incluíla:</b></p> <div style="border: 1px solid black; height: 350px; width: 100%;"></div>

## ANEXO III

**AUTORIZACIÓN Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL PARA QUE VERIFIQUE QUE O/A SOLICITANTE ESTÁ AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS**

NOME DA ENTIDADE	CIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

**AUTORIZO**

A Consellería do Medio Rural, para que, conforme o disposto nos artigos 11 e) e 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, solicite as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda para verificar que o solicitante está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia

*Lugar e data*

, de de 20

\_\_\_\_\_  
SIGNATURA DO/A REPRESENTANTE E SELO DA EMPRESA

ANEXO IV

SOLICITUDE DE ASISTENCIA Á ACCIÓN FORMATIVA

I.- DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE				
APELIDOS E NOME		NIF	SEXO <input type="checkbox"/> HOME <input type="checkbox"/> MULLER	DATA NACEMENTO
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

II.- ACCIÓN FORMATIVA SOLICITADA	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	
ENTIDADE ORGANIZADORA	
LUGAR DE CELEBRACIÓN	
DATA DE CELEBRACIÓN De <input type="text"/> a <input type="text"/>	Nº DE DÍAS DE CELEBRACIÓN <input type="text"/>

III.- TEN SOLICITADA AXUDA POR INCORPORACIÓN OU MELLORA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON
--

IV.- NIVEL DE ESTUDOS	
<input type="checkbox"/> SEN ESTUDOS	<input type="checkbox"/> FP DA FAMILIA AGRARIA
<input type="checkbox"/> ESTUDOS PRIMARIOS	<input type="checkbox"/> SECUNDARIA
<input type="checkbox"/> SECUNDARIA OBRIGATORIA	<input type="checkbox"/> UNIVERSITARIA

V.- SITUACIÓN LABORAL	
<input type="checkbox"/> OCUPADO	<input type="checkbox"/> MÁIS DUN ANO
<input type="checkbox"/> PARADO	<input type="checkbox"/> MENOS DUN ANO
<input type="checkbox"/> OUTROS	

VI.- ACTIVIDADE	
<input type="checkbox"/> AGRARIA	
<input type="checkbox"/> ALIMENTARIA	
<input type="checkbox"/> FORESTAL	

VII.- OUTROS	
<input type="checkbox"/> DISCAPACITADO	Grao: <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> INMIGRANTE	Pais de orixe: <input type="text"/>

Lugar e data	, de de
_____	
Asdo.:	<input type="text"/>

## ANEXO V

## CONTROL DE PRESENZA (I)

Actividade subvencionable: <input type="text"/>			
Desenvolvida en: <input type="text"/> desde <input type="text"/> ata <input type="text"/> , cunha duración de <input type="text"/> horas.			
Entidade beneficiaria: <input type="text"/> Organiza <input type="text"/>			
Data: <input type="text"/>			
Temas impartidos:			
<input type="text"/>			
Profesorado:			
<input type="text"/>			
Nº	APELIDOS E NOME DE ALUMNOS (Por orde alfabética)	SINATURA INICIO DE ACTIVIDADE	SINATURA FINAL DE ACTIVIDADE
1	<input type="text"/>		
2	<input type="text"/>		
3	<input type="text"/>		
4	<input type="text"/>		
5	<input type="text"/>		
6	<input type="text"/>		
7	<input type="text"/>		
8	<input type="text"/>		
9	<input type="text"/>		
10	<input type="text"/>		
11	<input type="text"/>		
12	<input type="text"/>		
13	<input type="text"/>		
14	<input type="text"/>		
15	<input type="text"/>		

**CONTROL DE PRESENZA (II)**

Nº	APELIDOS E NOME DE ALUMNOS (Por orde alfabética)	SINATURA INICIO DE ACTIVIDADE	SINATURA FINAL DE ACTIVIDADE
16			
17			
18			
19			
20			
21			
22			
23			
24			
25			
26			
27			
28			
29			
30			

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_ , de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

O/A cordinador/a: \_\_\_\_\_ O/A profesor/a: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_ Asdo.: \_\_\_\_\_

ANEXO VI

SEGUIMIENTO DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Denominación da actividade subvencionable: <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>	Entidade beneficiaria: <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
Lexislación aplicable, orde de (data): <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/> DOG nº: <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/> de data: <input style="width: 20%; height: 20px;" type="text"/>	Organiza: <input style="width: 95%; height: 20px;" type="text"/>
En: <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/>	Dende o día: <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/>
Ata o día: <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/>	Coordinado por: <input style="width: 15%; height: 20px;" type="text"/>

RELACIÓN DE ALUMINOS (I)

Nº	APELLIDOS E NOME (Alfábeticamente)	NIF	DATA DE NACIMIENTO	EN PARO			INICIADO EXPEDIENTE DE AXUDA		LOCALIDADE DE RESIDENCIA
				SI >1 ANO	NON <1 ANO	NON	SI	NON	
1				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
2				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
3				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
4				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
5				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
6				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
7				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
8				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
9				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
10				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
11				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
12				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
13				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
14				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
15				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

**RELACION DE ALUMNOS (II)**

Nº	APELLIDOS E NOME (Alfabeticamente)	NIF	DATA DE NACEMENTO	EN PARO			INICIADO EXPEDIENTE DE AXUDA		LOCALIDADE DE RESIDENCIA
				>1 ANO	<1 ANO	SI	NON	SI	
16				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
17				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
18				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
19				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
20				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
21				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
22				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
23				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
24				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
25				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
26				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
27				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
28				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
29				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
30				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

Lugar e data \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

O/A coordinador/a: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

## ANEXO VII

## MODELO DE CERTIFICADO DE COBRAMENTO POR PARTE DO PROVEDOR

D/Dª  con DNI  en nome e representación  
de (provedor)  con CIF  domiciliado/a  
en  código postal   
provincia  concello

**DECLARA:**

Que por parte do beneficiario  foi pagada en metálico, con  
data  a totalidade da/s factura/s nº   
por importe de , relativa a (descrición do ben entregado ou servizo prestado):

Que na miña condición de terceiro relacionado coa xustificación da subvención concedida ao beneficiario, comprométo-me a prestar colaboración e facilitar canta documentación sexa requirida polos órganos competentes no exercicio das funcións de control e das actuacións de comprobación da correcta xustificación da subvención, nos termos previstos no art. 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Lugar e data*

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Asdo.:

(Nome e apelidos do representante do provedor)